

Bloque VI: A conflitiva construción do Estado liberal (1833-1874)

21. A construción do estado liberal (principios do liberalismo e diferencias entre as diferentes familias políticas).
22. A Revolución Gloriosa e a constitución de 1869.
23. A primeira república (proxecto de constitución federal e cantonalismo).

T21. A CONSTRUCCIÓN DO ESTADO LIBERAL (PRINCIPIOS DO LIBERALISMO E DIFERENCIAS ENTRE AS DIFERENTES FAMILIAS POLÍTICAS).

ESQUEMA-RESUMO

INTRODUCCIÓN E CARACTERÍSTICAS XERAIS

- Triunfo do liberalismo burgués (sistema parlamentario, capitalismo e sociedade de clases)
- Inestabilidade política (guerras carlistas, sucesivas constitucións, pronunciamentos militares e cambios de goberno)

1. AS REXENCIAS. (1833/43)

1.1. M^a Cristina. (1833/40)

- 1^a Guerra carlista: Ideoloxía, apoio social e territorial. Convenio de Vergara.
- Estatuto Real de 1834. “Carta outorgada”. Características.
- Goberno progresista de Mendizábal, 1835. Desamortización eclesiástica.
- Motín da Granxa 1836: Constitución 1812, revisión: Const. 1837. Características. Consenso.
- Goberno moderado e insurrección progresista contra a rexente, 1840.

1.2. Espartero. (1841/43)

- Permanente conflitividade. Causas:
 - Métodos autoritarios de Espartero
 - Librecambismo e desamortización
 - Radicalización movementos sociais
 - Pronunciamento moderado, 1843: Narváez

2. REINADO EFECTIVO DE ISABEL II. (1843/1868)

2.1. Características:

- Inestabilidade política.
- Sistema parlamentario. Partidos políticos: moderados, progresistas, Unión Liberal, demócratas e republicanos
 - Protagonismo do Exército
 - Réxime oligárquico

2.2. Década moderada (1844/54)

- Réxime oligárquico controlado polo moderados
- Home forte: Narváez
- Ideoloxía: Liberalismo doutrinario
- Bases sociais: oligarquía e burguesía alta e media
- Constitución de 1845. Análise:
 - Forma de Goberno
 - Soberanía Compartida Rei/Cortes
 - División de poderes
 - Sistema electoral
 - Dereitos
 - Modelo territorial centralizado
 - Relacións Igrexia/Estado
- Outros:
 - Unificación legal: Código penal, 1848
 - Centralización administrativa: lei Concellos

- Reforma da Facenda
- Reforma educativa (Plan Pidal)
- Concordato coa Stª Sede (1851)
- Creación da Garda Civil (1844)

Fin: pronunciamento de 1854: *Vicalvarada* e Manifesto do Manzanares (autor Cánovas del Castillo).

2.3. Bienio progresista (1854/56)

- Coalición Espartero /O' Donnell
- Liberalismo progresista
- Apoio das clases medias urbanas

Acción política e de goberno:

Lei de Ferrocarrís 1855

Desamortización de Madoz, 1855 (bens municipais, de propios e comúns)

Lei de Bancos e Sociedades de Crédito, 1856

Constitución de 1856 (non promulgada)

Crise e dimisión de Espartero. Causas.

2.4. A volta ao moderantismo e a crise final do reinado (1856/68)

- A Unión Liberal e O' Donnell
- Política exterior de prestixio: Indochina, México e Marrocos
- Narváez e crise do sistema (63/68). Causas:
Autoritarismo e represión sobre a oposición
Crise económica e política (falta de liderado)
Desprestixio Isabel II
- Pacto de Ostende (1866, progresistas, demócratas, republicanos e U.L.)
- Revolución de 1868 e fin do reinado.

Introducción:

A morte de Fernando VII e o posterior triunfo sobre o carlismo supuxo en España a instauración definitiva do liberalismo burgués. As rexencias durante a minoría de idade da princesa Isabel caracterizáronse polo enfrontamento entre o nacente sistema constitucional e as rémoras do pasado. A inestabilidade política e o enfrontamento entre as dúas visións do liberalismo, moderado e progresista, levaron a adiantar a maioría de idade de Isabel II en 1843. Desde entón, consolidárase un réxime liberal conservador que dará forma a unha administración centralista.

1. AS REXENCIAS

1.1 A rexencia de María Cristina (1833 - 1840)

As Guerras Carlistas

Á morte de Fernando VII as pretensións do infante D. Carlos fixeron perigar o trono de Isabel II. O infante, desterrado en Portugal, proclamou os seus dereitos dinásticos baseándose na Lei Sállica.

Esta, que exclúe ás mulleres da sucesión ao trono, fora implantada polos Borbóns e derogada mediante Pragmática Sanción en 1789 por Carlos IV, que foi publicada en 1830 por Fernando VII para garantir os dereitos da súa filla. Estalou así un **conflicto** que, ademais de **dinástico** entre tío e sobriña, será **político-ideolóxico** ao identificarse os carlistas co absolutismo e ter a Rexente que apoiarse nos liberais moderados, bando isabelino ou cristino.

O carlismo atopou apoio **social** no **clero**, a **pequena nobreza** rural e, en xeral, na sociedade **campesíña**, partidaria do mantemento das tradicións: a monarquía absoluta, os foros e usos tradicionais e o poder da Igrexia, como quedaba resumido na súa lema “Deus, Patria, Rei e Foros”. Neste mundo campesino temíanse as consecuencias económicas do liberalismo. O **ámbito vasco-navarro**, o **interior de Cataluña**, e o **Maestrazgo** foi o seu espazo **territorial**, onde as partidas

carlistas contaron con importantes figuras militares, como Zumalacárregui e Cabrera. A súa falta de apoios no conxunto de país e os triunfos do exército liberal levaron ao xeneral Maroto a pactar a súa rendición ante Espartero mediante o **Convenio de Vergara de 1839** polo que recoñecían a Isabel II como raíña a cambio da promesa do mantemento dos foros en Navarra e as provincias vascas e da integración dos oficiais carlistas no exército real. Con todo, o conflito carlista non quedaría definitivamente resolto ata 1876, durante o reinado de Alfonso XII, quen puxo fin á terceira guerra carlista.

O réxime do Estatuto Real

As guerras carlistas obrigaron á rexente a buscar apoios nos liberais, chamando a Martínez de la Rosa, un doceañista moi moderado, a formar goberno e introducir pequenos cambios no réxime absolutista. O máis significativo sería o **Estatuto Real de 1834**, mediante o cal se crean unhas **Cortes bicamerais**, meramente consultivas, formadas polo Estamento de **Próceres** -altas dignidades do Estado- e o Estamento de **Procuradores**, elixidas por un sufraxio tan restrinxido que apenas permitía a participación dun 0'15% da poboación. A monarquía conserva todos os seus poderes e non se fai ningunha declaración de dereitos.

Pero o **liberalismo** xa non era un bloque unido no seu rexeitamento ao Antigo Réxime. Escindido en dúas ramas, reflectía a propia división da burguesía. Os **moderados** representaban os intereses da **oligarquía terratenente e financeira**, por iso eran defensores do **sufrexio restrinxido**, a **soberanía compartida** polo monarca cunhas cortes bicamerais que asegurasen o mantemento da orde e a autoridade (liberalismo doutrinario). Os **progresistas**, que contaban co apoio das **clases medias e baixas urbanas**, defendían a **ampliación do sufraxio**, a **soberanía nacional**, a creación de **concellos elixidos polos veciños**, **limitar o poder da Igrexa** e ampliar os dereitos colectivos. E os progresistas non se conformaron co Estatuto Real.

O goberno progresista

Os progresistas, que rexeitaban o Estatuto Real, promoveron movementos revolucionarios por todo o país, con formación de Xuntas que reclamaban un réxime liberal. A rexente viuse obrigada a entregar o goberno a **Mendizábal**, un home de negocios progresista que, para recadar fondos destinados a loitar contra o carlismo e crear unha clase propietaria afín ao novo réxime liberal, ordenou a **desamortización dos bens do clero**. Pero antes dun ano, debido á presión da Igrexa, Mendizábal foi destituído. Entón, no **Motín da Granxa de 1836**, os sarxentos de palacio levantáronse contra a rexente e obrigárona a restablecer a Constitución de 1812.

Abriuse un breve período de **reformismo liberal**, sobre todo **no campo económico**, coa liberalización da industria e o comercio, a abolición do feudalismo e a desamortización da terra.

A Constitución de 1812 foi revisada polas cortes, dando lugar á **Constitución de 1837**, coa que se **buscaba un consenso cos moderados**. Recollía os principios progresistas de soberanía nacional, división de poderes, dereitos cidadáns e a aconfesionalidade do Estado, propios do progresismo. Pero tamén incluía características moderadas, como o bicameralismo, a ampliación das atribucións reais (nomeamento dos senadores, dereito de veto lexislativo, libre nomeamento e destitución dos ministros, etc.) e o mantemento económico do clero en compensación pola desamortización.

Como a lei electoral estableceu un sufraxio moi restrinxido (2,4% da poboación) que outorgaba o voto só aos propietarios, as eleccións deron o triunfo aos moderados.

A fin da rexencia de M^a Cristina

O goberno moderado lexislou de maneira que os dereitos cidadáns víronse restrinxidos, aumentando o malestar popular. Pero foi o **proxecto de Lei de Concellos** o desencadeamento da fin da rexencia de M^a Cristina, ao **pretender o goberno** substituír a elección directa dos alcaldes **polo nomeamento real, no caso das capitais de provincia**. A formación de Xuntas revolucionarias e a presión progresista sobre a rexente levaron a esta a cesar no cargo, sendo substituída polo xeneral Espartero, progresista e heroe popular por derrotar aos carlistas.

1.2. A Rexencia de Espartero (1840 - 1843)

A Rexencia de Espartero desenvolveuse nunha continua conflitividade política. Os **métodos autoritarios** do xeneral, a radicalización dos movementos cidadáns, o descontento dos industriais pola **política librecambista** (en 1842 un **arancel librecambista** que abre o mercado aos téxtiles de algodón ingleses provoca un levantamento en Barcelona dos industriais e proletarios do téxtil afectados que Espartero sufoca bombardeando a cidade) e dos campesiños ante unha **desamortización** que só favorecía aos propietarios, provocaron a renuncia de Espartero tras unha conspiración do xeneral Narváez. Para evitar unha terceira rexencia, as Cortes adelantaron a maioría de idade de Isabel II.

2. O REINADO EFECTIVO DE ISABEL II

O **sistema político parlamentario que consolidara a Constitución de 1837** baseábase na existencia de dúas tendencias políticas: **moderados e progresistas**, cuxas diferenzas ideolóxicas proviñan do Trienio Liberal. **Co tempo, xurdirían novas agrupacións**, como os demócratas e os republicanos, escindidos dos progresistas en 1849; e a Unión Liberal, un grupo centrista que se separou dos moderados en 1856.

Pero **os grupos políticos do século XIX eran agrupacións de notables**, con afinidades persoais, intereses económicos comúns e vagas coincidencias ideolóxicas (correntes de opinión) que concorrián xuntos ás eleccións. Non existían entón os partidos de masas nin a militancia, a disciplina de partidos, ou a relación coas bases que caracterizan aos partidos actuais. Por iso só se relacionaban cos electores para solicitar o voto e non eran infrecuentes os cambios de militancia.

Entre os **líderes políticos abundaron os militares** coñecidos como “**espadones**”, como Espartero (progr.), Narváez (moder.), O’ Donnell (Unión Liberal), Prim (progr.), pois o Exército tivo un importante protagonismo político, orixinado no seu papel nas guerras carlistas, e os **pronunciamentos** militares convertéronse nunha vía habitual de acceso ao poder.

Estas circunstancias, xunto á **manipulación electoral** e ao **sufrexio restrinxido (censatario)**, limitaron a participación política a unha minoría. **A raíña utilizou as súas prerrogativas para manter permanentemente no poder aos moderados**, garantes dos intereses das clases altas, empuxando aos progresistas ao pronunciamento militar e á insurrección popular (Xuntas e Milicias) como única vía para formar goberno.

2.1 A Década Moderada (1844 - 1854)

Con Narváez á fronte e o liberalismo doutrinario como base ideolóxica, o **goberno moderado deseñou un modelo de Estado centralizado** que se articulou a partir da **Constitución de 1845** e as leis que a desenvolven.

A Constitución de 1845 establecía a **soberanía compartida**, a **ampliación dos poderes reais** (libre nomeamento e cesamento dos ministros, designación do Senado, que será vitalicio, veto lexislativo, etc.), unha **organización territorial centralizada**, a **confesionalidade do Estado** e o

sufraxio censatario (moi restrinxido). Aínda que recolle a declaración de **dereitos** da Constitución de 1837, a súa regulación remítese a leis posteriores que tenderán a **restrinxilos**.

Ademais da Constitución, o goberno moderado aprobou outras importantes reformas. En 1845, a **reforma da Facenda** (Mon-Santillán) unificou a fiscalidade creando unha contribución directa sobre a terra e os impostos indirectos sobre o consumo (os consumos). Estes últimos, ao recaer sobre produtos de primeira necesidade, foron moi impopulares e recorrente motivo de protesta.

A **Lei electoral** de 1846 reduciu o censo ao **1% da poboación**, reforzando o compoñente oligárquico do sistema. Tamén se limitou a liberdade de imprenta, suprimiuse a Milicia Nacional e paralizouse a desamortización eclesiástica. Neste sentido, en **1851** asinou o **Concordato coa Santa Sé** polo que a Igrexa aceptaba a desamortización dos bens xa vendidos a cambio da devolución dos que aínda non foran poxados, o restablecemento das ordes relixiosas suprimidas, o **mantemento económico do culto e do clero por parte do Estado** e a **supervisión da educación**, que se deixa nas súas mans. Tamén a educación foi reformada, establecéndose os tres niveles educativos, do elemental ao universitario, debéndose axustar os ensinos á doutrina católica.

A **centralización da administración** fíxose efectiva a través do **nomeamento real de gobernadores e alcaldes** segundo a **Lei de Administración local e provincial de 1845**. Con todo, mantivéronse as Xuntas Xerais Vascas e de Navarra para atraerse ao foralismo próximo ao carlismo. A esa mesma unificación contribuíu a aprobación do **Código penal de 1848** e do Código Civil en 1855. Tamén se unificaron pesos e medidas coa adopción do sistema métrico nacional.

Para manter a **orde pública e a defensa da propiedade** no campo creouse en **1844 a Garda Civil**. Naceu como un órgano de defensa nacional, formado por civís armados e profesionalizados, baixo disciplina militar e vinculados ao goberno a través do **Ministerio de Gobernación**. Inicialmente tiñan encargada a loita contra o bandolerismo e a seguridade viaria nas estradas. Os levantamentos anarquistas no campo fixeron que tamén se lles encargase manter a orde nas zonas rurais.

A inestabilidade ministerial, a corrupción política e a unión da oposición e os sectores máis aperturistas do moderantismo contra o proxecto de Bravo Murillo de reformar a Constitución nun sentido tan conservador que supoñía a volta a un sistema próximo ao absolutismo, acabaría coa década moderada. En xuño de **1854** o xeneral **O' Donnell** encabezou un **pronunciamento militar en Vicálvaro (Madrid)** e chamou á insurrección a través do **Manifesto de Manzanares**, escrito polo mozo **Antonio Cánovas**. Aínda que ambos estaban ligados á corrente moderada **uníronse aos progresistas** neste levantamento **contra o goberno**. A sublevación estendeuse polas cidades, onde se formaron xuntas revolucionarias co apoio das clases populares. Ante o temor á radicalización da protesta, **Isabel II encargou formar goberno a Espartero**, líder dos progresistas, **coa participación de O' Donnell**, que fundaría o partido centrista a Unión Liberal. Iniciábase así o chamado Bienio Progresista.

2.2. O Bienio Progresista (1854 - 1856)

Espartero formou un goberno no que se integrou O' Donnell e que puxo en marcha unha política progresista co apoio das clases medias urbanas. Durante este breve período tomáronse importantes **reformas no campo económico orientadas a impulsar a industrialización** de España, aprobándose a **Lei de Ferrocarrís de 1855** para impulsar a súa construción. Moi

relacionada coa anterior, a **Lei de Bancos e Sociedades de Crédito** organizaba o sistema bancario, mentres que a **Desamortización de Madoz** determinaba a expropiación e posta en venda de todas as propiedades que aínda permanecían amortizadas, especialmente as municipais (bens de propios e comúns).

No ámbito político elaborouse unha nova **constitución**, a **de 1856**, de carácter progresista, pero **non chegou a ser promulgada** pois a coalición gobernante entrou en crise. **As medidas económicas só beneficiaran á burguesía** mentres que **as clases baixas** vían como **empeoraban as súas condicións de vida** pola alza de prezos e as malas colleitas. Os motíns e as reivindicacións das clases baixas asustaron á burguesía e aceleraron a división interna do goberno. Espartero dimitiu e a raíña encargou a O'Donnell formar goberno e acabar coas protestas.

2.3. A volta ao moderantismo e a crise do reinado

O'Donnell formou goberno apoiado polo partido que el mesmo creara en 1854 ao escindir-se dos moderados, a **Unión Liberal**, que axuntou aos sectores máis centristas do liberalismo e tentou levar un política de equilibrio entre ambas as tendencias, aínda que restableceu a constitución de 1845 e eliminou as medidas máis progresistas do bienio. Ademais **beneficiouse do crecemento económico que seguiu á lexislación do Bienio e enforcouse nunha política exterior de prestixio** para desviar a atención dos problemas internos, crear conciencia nacional e patriótica e contentar ao exército, como as campañas en Indochina, México e Marrocos, de escasos resultados prácticos salvo esta última.

En **1863**, con todo, a presión dos moderados por volver ao poder, como desexaba tamén a raíña, precipitaron a **substitución de O'Donnell por Narváez**. As **formas máis autoritarias** dos moderados radicalizaron aos progresistas, que, con apoio dos demócratas, recorreron de novo á sublevación. A dura **represión** goberamental tanto do **levantamento do cuartel de San Gil** como **sobre os estudantes na noite de San Daniel** restou apoios, incluídos os unionistas, ao goberno.

Á crise final do sistema tamén contribuíu a **crise económica xeneralizada desde 1866** (crise dos ferrocarrís, crise da Bolsa e das inversións, crise da industria téxtil catalá pola "fame de algodón" que provoca a Guerra de Secesión americana, crise de subsistencias e epidemia de cólera...) co consecuente descontento popular; a **falta de liderado** nos principais partidos políticos **tras a morte de O'Donnell e Narváez**; e o propio **desprestixio da raíña**, tanto **pola súa vida persoal** como pola súa continuada **inxerencia política a favor do moderantismo**.

Estas circunstancias uniron a progresistas, demócratas e republicanos no **Pacto de Ostende de 1866** co obxectivo de derrocar a Isabel II. Cando os unionistas se unan dous anos máis tarde (trala morte de O'Donnell e a súa substitución por Serrano), a Revolución Gloriosa acabará triunfando e expulsando á raíña.

22. A REVOLUCIÓN GLORIOSA E A CONSTITUCIÓN DE 1869.

ESQUEMA-RESUMO:

T 22. A Revolución Gloriosa e a Constitución de 1869.

Introdución: panorama xeral do Sexenio Democrático (1868-1874).

1.- O inicio do período: **a revolución de setembro de 1868.**

1.1.- **Causas** da revolución: conxunción de varios factores que aceleran o descrédito do sistema isabelino:

- ✓ A **crise económica**: combinación de crise financeira capitalista + crise industrial + forte crise de subsistencias.
- ✓ Tensións e **conflictos sociais**: diversos sectores sociais rebélanse contra o sistema isabelino.
- ✓ O deterioro da situación política: crise interna da monarquía isabelina e **crise política** conxuntural (1865-1868).
 - Gobiernos da Unión Liberal e ultramoderados: represión política sistemática + imposibilidade de acceso ao poder polos mecanismos constitucionais> os partidos da oposición optan polo "retraemento" ou pola conspiración:
 - sublevación dos sarxentos do cuartel de San Gil (22 xuñ 1866) > fracaso e represión.
 - progresistas e demócratas asinan o Pacto de Ostende (16 ago 1866); os unionistas únense en nov 1867 tras morrer O'Donnell.

1.2.- **Desenvolvemento** da Gloriosa revolución.

- ✓ Comeza cun pronunciamento clásico: **sublevación** do exército en Cádiz (18 set 1868) + formación de **xuntas revolucionarias**.
 - As reivindicacións populares: de carácter democrático (sufraxio universal, liberdades de prensa, reunión e asociación...), políticas (convocatoria de Cortes, nova Constitución) e sociais (supresión do sistema de quintas, do imposto de consumos...).
- ✓ **Extensión e triunfo da revolución**: derrota das forzas gobernamentais (Alcolea) e exilio de Isabel II (30 set 1868).

2.- **Instauración dun novo réxime baseado nos principios do liberalismo democrático.**

2.1.- O Goberno Provisional dirixido polo xeneral Serrano (out 1868 - xuñ 1869).

- ✓ Composición: coalición de progresistas e unionistas, que dissolveu as xuntas e controlou a deriva revolucionaria
- ✓ Programa de reformas, que satisfacía parte das demandas populares: reformas políticas, relixiosas, sociais e económicas.
- ✓ Eleccións a Cortes constituíntes mediante sufraxio universal masculino (xan 1869): relación das forzas políticas durante o Sexenio.

2.2.- **Trazos básicos da Constitución liberal democrática de 1869:**

- ✓ Soberanía nacional, en realidade popular: sufraxio universal masculino.
- ✓ Monarquía constitucional limitada, con predominio das Cortes ("o rei reina pero non goberna").
- ✓ Ríxida separación de poderes: lexislativo (Cortes bicamerais) / executivo (rei, a través do Goberno) / xudicial (tribunais independent).
- ✓ Aconfesionalidade do Estado + liberdade de cultos en privado e público.
- ✓ Extensa e precisa regulación dos dereitos e liberdades fundamentais (entre eles, destacar os novos dereitos de reunión e asociación).
- ✓ Descentralización administrativa: concellos e deputacións elixidos por sufraxio universal, teñen unha gran autonomía.

2.3.- **A Rexencia do xeneral Serrano (xuño 1869 - xaneiro 1871).**

- ✓ Período de convulsións sociais e movementos revolucionarios: alzamentos republicanos + partidas carlistas + insurrección cubana.
- ✓ A busca dun novo rei para España: diversos candidatos propostos: Antonio de Orleans (francés) / Fernando de Coburgo (portugués) / Leopoldo de Hohenzollern (prusiano) / Carlos VII (carlista) / príncipe Alfonso (fillo de Isabel II) / xeneral Espartero / Amadeo de Savoia (italiano).
- ✓ Elección de Amadeo de Savoia polas Cortes (16 nov 1870): chega a España (30 dec 1870) e xura a Constitución (2 xan 1871).

3.- **A monarquía democrática de Amadeo de Savoia (2 xan 1871 - 11 feb 1873).**

3.1.- A **oposición** á nova monarquía.

- ✓ Rexeitamento da maior parte do país: razóns da oposición da aristocracia - Igrexa - pobo - carlistas - moderados - republicanos.
- ✓ Ausencia de apoios: asasinato de Prim (27 dec 1870) e ruptura da coalición de goberno (unionistas, progresistas e demócratas).

3.2.- Unha **permanente inestabilidade**: simultaneidade de varios conflitos que imposibilitan unha efectiva acción de goberno:

- ✓ Dificultades de goberno: tensións entre os líderes políticos (Serrano, Sagasta, Ruiz Zorrilla)
- ✓ O desenvolvemento da **guerra independentista de Cuba**, iniciada en 1868 e que durará ata 1878.
- ✓ A **terceira guerra carlista**, iniciada en abril de 1872: os carlistas dominaron Navarra e o País Vasco ata a súa derrota definitiva en 1876.
- ✓ A **oposición republicana**: mobilizacións que buscaban desestabilizar a monarquía e conseguir apoio popular para implantar a república.
- ✓ **Renuncia de Amadeo I** (11 feb 1873): Congreso e Senado, reunidos en Asemblea Nacional, deciden proclamar a República.

1. AS CAUSAS DA REVOLUCIÓN

1.1. A crise económica

→ Gran parte do último período do reinado de Isabel II (1843-1868):

Estivo caracterizado por unha fase de expansión económica que afectou a toda Europa.

A mediados da década de 1860 a situación empezou a cambiar:

En **1866** fíxose patente o **inicio dunha importante crise económica**:

A **recesión** manifestouse a nivel financeiro e industrial, e constituíu a **primeira gran crise do sistema capitalista a nivel internacional**.

Tamén **coincidiu cunha crise de subsistencias**, que tivo importantes consecuencias nas condicións de vida das clases populares.

→ A **crise financeira**:

Provocada pola **baixada do valor das accións en Bolsa**, por mor da crise **dos ferrocarrís**:

A construción da rede ferroviaria implicou un gran investimento de capitais en Bolsa, pero ao comezar a explotación das liñas, o seu rendemento económico foi menor do esperado.

O escaso desenvolvemento industrial español non foi suficiente para que o transporte de mercadorías e viaxeiros tivese unha gran demanda, e o valor das accións esborrallouse.

Os investidores esixiron subvencións ao goberno, pero este carecía de fondos e éralle imposible recorrer ao préstamo, xa que as cotizacións da débeda pública tamén se esborrallaron.

A situación provocou a **crise de moitas entidades financeiras**, que cancelaron os seus créditos e estenderon a alarma cara a particulares e empresas.

→ A crise financeira coincidiu cunha **crise industrial**:

Sobre todo **en Cataluña**.

A industria téxtil abastecía-se en gran parte con algodón importado de Estados Unidos, pero a **Guerra de Secesión americana (1861-1865)** encareceu a importación desta materia prima e **provocou** un período de **“fame de algodón”**.

Moitas pequenas industrias do sector algodonero non puideron afrontar a **alza de prezos** nun momento no que **descendía a demanda** de produtos téxtiles debido:

Á crise económica xeral.

Ao forte aumento dos prezos dos alimentos provocado pola crise de subsistencias.

→ A **crise de subsistencias**:

- ✓ Iniciouse en 1866.
- ✓ Por mor dunha **serie de malas colleitas** que deron como resultado unha **carestía do trigo**, alimento básico da poboación española.

- ✓ Os prezos empezaron a subir.
- ✓ O **custo do pan** sufriu o conseqüente **aumento**, e o mesmo ocorreu con outros produtos básicos para a alimentación (arroz, bacallau, etc.).
- A **combinación de ambas as crises, a agrícola e a industrial, agravou a situación:**
 - ✓ **No campo**, a fame conduciu a un clima de forte **violencia social**.
 - ✓ **Nas cidades**, a consecuencia foi unha **onda de paro** que provocou un descenso do nivel de vida das clases traballadoras.

1.2. A deterioración política

→ A mediados da década de 1860, gran parte da poboación española tiña motivos de **descontento contra o sistema isabelino:**

- ✓ Os grandes **investidores** reclamaban un goberno que tomase medidas para salvar os seus investimentos en Bolsa.
- ✓ Os **industriais** esixían proteccionismo.
- ✓ Os **obreiros e campesiños** denunciaban a súa miseria.
- En **1866**, despois da **revolta** fracasada dos **sarxentos do cuartel de San Gil** e da súa **dura represión** (66 fusilados), O' Donnell foi apartado do goberno pola raíña, pero os seguintes gabinetes do Partido Moderado (Narváez e González Bravo) continuaron **gobernando por decreto, pechando as Cortes e fixeron oídos xordos aos problemas do país.**
- **Ante a imposibilidade de acceder ao poder por mecanismos constitucionais, o Partido Progresista, dirixido por Prim**, practicou unha política de retraemento e conspiración:

- ✓ **Negouse a participar nas eleccións.**
- ✓ **Defendeu a conspiración** como único medio para poder gobernar.
- Na mesma situación atopábase **o Partido Demócrata.**
- Ambos os partidos **asinaron en 1866 o Pacto de Ostende (Bélxica):**
Coa vontade de unificar as súas actuacións para acabar co moderantismo no poder.

O compromiso:

- ✓ Propoñía o **fin da monarquía isabelina.**
- ✓ Deixaba a **decisión** sobre a **nova forma de goberno (monarquía ou república)** en mans dunhas **Cortes constituíntes**, que serían elixidas **por sufraxio universal masculino** tras o triunfo do movemento insurreccional.
- Ao devandito pacto **adheríronse os unionistas en novembro de 1867**, tras a morte de O' Donnell (xa no **Pacto de Bruxelas**, de xuño de 1867, concreción do de Ostende).
- Esta adhesión foi **fundamental para o triunfo da revolución e para definir o seu carácter:**
 - ✓ Os unionistas (Serrano) **achegaron** unha boa parte da cúspide **do exército**, dado que contaban con moitos dos seus **altos mandos.**
 - ✓ Pero, o **carácter conservador** e oposto a todo cambio social dos unionistas **contrarrestou o peso dos demócratas** e reduciu o levantamento de 1868 a un simple pronunciamento militar, por moito que as proclamas e os manifestos falasen de revolución e utilizasen as reivindicacións de liberdade e xustiza social.

2. A REVOLUCIÓN DE SETEMBRO DE 1868

2.1. A revolución do 68 e o Goberno provisional

- O **19 de setembro de 1868**, a **escuadra** concentrada na **baía de Cádiz**, ao **mando do brigadier Juan Bautista Topete**, protagonizou un **pronunciamento militar contra o goberno de Isabel II.**
- **Prim**, exiliado en Londres, e **Serrano**, desterrado en Canarias, **reuníronse** cos sublevados e rapidamente **conseguiron o apoio da poboación gaditana**, tras a **publicación dun manifesto** no que se pedía aos cidadáns que acudisen ás armas para defender a liberdade, a orde e a honradez, e que terminaba co lema **“Viva España con honra!”**.

→ O **gobierno da raíña Isabel II** tentou defender o trono coas armas:

Enviou desde Madrid un exército ao mando de Novaliches **para enfrontarse cos sublevados**, que se agrupaban en Andalucía ao mando do xeneral Serrano:

Ambas as forzas **atopáronse en Puente de Alcolea, preto de Córdoba**, onde o día 28 de setembro librouse unha batalla que deu a **vitoria ás forzas afíns á revolución**.

→ O **gobierno** non viu máis saída que **dimitir e a raíña** non tivo máis remedio que **exiliarse**:

Saíu de San Sebastián con dirección **a Francia** o 29 de setembro de 1868, onde foi acollida polo emperador Napoleón III.

→ Na revolución tiveron un **gran protagonismo as forzas populares**, sobre todo **urbanas, dirixidas** por un sector dos **progresistas, os demócratas e os republicanos**:

En moitas cidades españolas constituíronse **Xuntas revolucionarias**, que organizaron o levantamento e lanzaron chamamentos ao pobo. As consignas eran parecidas en todos lados.

Demandaban:

- ✓ Liberdade.
- ✓ Soberanía.
- ✓ Separación da Igrexa e o Estado.
- ✓ **Supresión das quintas.**
- ✓ Sufraxio universal.
- ✓ **Abolición** de impostos de **consumos**.
- ✓ Eleccións a Cortes constituíntes.
- ✓ Repartición da propiedade.
- ✓ Proclamación da república.

→ O radicalismo dalgunhas propostas das Xuntas revolucionarias **non era compartido polos dirixentes unionistas e progresistas**, que xa viran **cumprido o seu obxectivo de derrocar á monarquía**.

→ Nos primeiros días de outubro, tras entrar en Madrid, os sublevados **propuxeron á Xunta revolucionaria da capital**, que se achaba baixo o seu control, **o nomeamento dun Goberno provisional de carácter centrista, sen consultar ás Xuntas provinciais nin locais**.

→ O xeneral **Serrano** foi **proclamado rexente**, e o xeneral **Prim**, **presidente dun goberno integrado por progresistas e unionistas, que marxinao ao resto de forzas políticas**:

* O novo executivo **ordenou disolver as Xuntas e desarmar á Milicia Nacional**, deixando ben patente que unha cousa era derrocar aos Borbóns e outra pretender cambios revolucionarios no sistema económico ou político.

2.2. A Constitución de 1869 e a rexencia

→ O novo goberno provisional **promulgou unha serie de decretos para dar satisfacción a algunhas demandas populares** (liberdade de imprenta, dereito de reunión e asociación, sufraxio universal, etc.) **e convocou eleccións a Cortes constituíntes**:

Os comicios, celebrados en xaneiro de 1869, foron os **primeiros** en España que recoñeceron o **sufraxio universal masculino** (só para homes maiores de 25 anos):

Deron a **vitoria á coalición gobernamental** (progresistas, unionistas e un sector dos demócratas), **partidaria da fórmula monárquica**.

Tamén apareceron **na Cámara dúas importantes minorías: a carlista e a republicana**.

As Cortes reuníronse no mes de febreiro e **crearon unha comisión parlamentaria encargada de redactar unha nova Constitución**, que foi **aprobada o 1 de xuño de 1869**.

→ A **Constitución de 1869**, a **primeira democrática (demoliberal)** da historia de España, estableceu un **amplio réxime de dereitos e liberdades**:

Recoñecíase:

- ✓ Dereitos de manifestación, reunión e **asociación**.
- ✓ A liberdade **de ensino**.

- ✓ A igualdade para obter emprego.
 - ✓ A liberdade para profesar de maneira pública ou privada calquera **relixión**, aínda que o Estado debía manter o culto católico.
 - ✓ A **soberanía nacional**, da que emanaban tanto a lexitimidade da monarquía como os tres poderes.
 - ✓ O Estado declarábase monárquico, pero a **potestade de facer leis residía exclusivamente nas Cortes** (o rei tan só as promulgaba, non podía vetalas, e os seus poderes quedaban bastante limitados). As Cortes **compoñíanse dun Congreso e un Senado**, que debería reunirse ao mesmo tempo.
 - ✓ As **provincias de ultramar**, Cuba e Porto Rico, gozaban dos **mesmos dereitos que as peninsulares**, mentres **Filipinas** quedaba gobernada por unha **lei especial**.
- Proclamada a Constitución e co trono vacante, as Cortes **estableceron unha rexencia**, que recaeu no xeneral **Serrano**.
- **Prim** era designado **xefe de goberno**. A súa tarefa non era fácil:
- ✓ Os **republicanos** mostraban o seu descontento coa nova situación.
 - ✓ Os **carlistas** volvían á actividade insurreccional.
 - ✓ A **situación económica** era grave.
 - ✓ Había que **atopar un monarca** para a Coroa española.
- O novo goberno foi **recibido con simpatía por gran parte dos países europeos**, xa que:
- ✓ Poñía fin a longo prazo etapa de inestabilidade política de Isabel II.
 - ✓ Os novos dirixentes parecían máis adecuados para **emprender as reformas económicas necesarias a fin de garantir os investimentos e os negocios estranxeiros**.

2.3. O intento de renovación económica (este epígrafe pódese suprimir).

- Un dos obxectivos da “Gloriosa” era reorientar a política económica: Pretendíase establecer unha lexislación que protexese os intereses económicos da burguesía nacional e dos investidores estranxeiros.
- A política económica desta etapa caracterizouse por:
- ✓ A defensa do **librecambismo**.
 - ✓ A **apertura** do mercado español á **entrada de capital estranxeiro**.
- O ministro de Facenda, **Laureano Figuerola**:
- ✓ Suprimiu a contribución de consumos.
 - ✓ Para compensar a perda de ingresos, introduciu a **contribución persoal**, que gravaba a todos os cidadáns de forma directa **segundo a súa renda**.
 - ✓ Un decreto estableceu a **peseta como unidade monetaria**, equivalente a catro dos antigos reais, nun intento de unificar e racionalizar o sistema monetario.
- O problema máis grave era o **caótico estado da Facenda** española:
- ✓ A **débeda pública** estaba disparada.
 - ✓ A grave **crise dos ferrocarrís** só parecía ter solución utilizando recursos públicos para subvencionar ás compañías ferroviarias.
- Todo iso **pretendeuse solucionar mediante a Lei de Minas de 1869 (desamortización do subsolo)**:
- ✓ Venda ou concesión de xacementos mineiros a distintas compañías, esencialmente estranxeiras.
 - ✓ Unha medida coherente coa liberalización da economía, que ofrecía unhas xenerosas facilidades á entrada de capitais do exterior.
 - ✓ Cos ingresos obtidos da chamada desamortización do subsolo, fíxose fronte á devolución dos préstamos.
- Outra importante actuación sobre a economía foi a **liberalización dos intercambios exteriores**:

- ✓ Aprobada en xullo de 1869 mediante a **Lei de Bases Arancelarias (Arancel Figuerola)**:
- ✓ Poñía fin á **secular tradición proteccionista da economía española**.
- ✓ Esta medida contou rapidamente coa **oposición dos industriais algodoneros cataláns e cos cerealistas do interior**, que vían perigar o seu monopolio sobre o mercado español.

2.4. A frustración das aspiracións populares

→ A Constitución de 1869:

- ✓ Consolidou un réxime político baseado nos principios liberal-democráticos, que inspiraron aos impulsores da revolución de setembro de 1868.
- ✓ Frustrou algunhas das aspiracións doutros grupos políticos, especialmente moitas das reivindicacións de carácter popular.

→ A forma de goberno monárquica desgustou aos que aspiraban establecer un réxime republicano.

→ O mantemento do culto e do clero aprobado pola Constitución desagradaba a amplos sectores radicais.

→ A persistencia das desigualdades sociais non gustaba a campesiños, xornaleiros e traballadores de fábrica, que non vían mellorar a súa situación.

→ Durante o período da rexencia (1869-1870):

- ✓ Houbo unha **forte conflictividade social**, que se mantivo ao longo de todo o Sexenio.
- ✓ O **campesiñado demandaba unha mellor repartición da terra**.
- ✓ As revoltas urbanas protestaban contra os **consumos, as quintas e o aumento dos prezos**.
- ✓ O incipiente **movemento obreiro** sufriu un proceso de **radicalización en demanda da mellora das condicións salariais e de traballo**.

→ Os **republicanos encarnaron gran parte dese descontento, pero** o fracaso das súas insurreccións (1869) e a **imposibilidade de conseguir pola vía parlamentaria e política os obxectivos populares** conduciron a que a maioría destes sectores **se inclinaran cara a posicións máis radicais (internacionalismo)**:

Estas **ideas internacionalistas** chegaron a España **a partir de 1868**, grazas á ampliación das liberdades públicas outorgada polo Goberno provisional, como a apertura de fronteiras e o recoñecemento do dereito de asociación e de liberdade de imprenta.

A expansión das ideas **vinculadas á Primeira Internacional (anarquismo e socialismo)** abriu unha nova etapa e conduciu á organización do proletariado e do campesinado ao redor das novas organizacións de clase, afastadas dos partidos clásicos.

3. O REINADO DE AMADEO DE SAVOIA (1871-1873)

3.1. Un monarca para un réxime democrático

→ Prim foi o encargado de sondar aos embaixadores estranxeiros e de levar a cabo as negociacións necesarias para establecer un consenso internacional sobre o candidato máis idóneo para o vacante trono español:

- A dinastía portuguesa (Fernando de Portugal) rexeitouno.

- Napoleón III (Francia) vetou:

- Ao Duque de Montpensier, era o candidato da facción conservadora liderada por Topete. Cuñado de Isabel II e pretendente ao trono francés (era fillo do destronado Luis Felipe de Orleáns).

- Ao pretendente alemán, o príncipe prusiano Leopoldo de Hohenzollern (causa indirecta da guerra franco-prusiana).

Conseguíu impoñerse a candidatura de Amadeo de Savoia defendida por Prim:

Membro dun dinastía que gozaba de gran popularidade por ser artífice da unificación de Italia.

→ O novo monarca, de só 26 anos de idade, foi elixido rei de España polas Cortes en novembro de 1870, e chegou ao país polo porto de Cartaxena o 30 de decembro.

→ Tres días antes atentaran contra o xeneral Prim, quen faleceu o mesmo día en que Amadeo chegaba a España:

O novo monarca quedou sen o seu valedor e conselleiro máis fiel.

→ O 2 de xaneiro de 1871, Amadeo de Savoia foi proclamado rei e, tras tomarlle xuramento, as Cortes constituíntes disolvéronse para iniciar unha nova etapa de monarquía democrática.

3.2. As dificultades da nova dinastía

→ A nova dinastía contaba con **escasos apoios**:

Na votación das Cortes só obtivo 191 votos dos 311 deputados presentes.

Satisfacía a progresistas e unionistas e, aínda así, non todos os sectores dos devanditos partidos estaban de acordo.

O rei e a súa esposa Vitoria contaron desde o principio coa clara **oposición da aristocracia, o clero e as camarillas cortesás** da época de Isabel II, sobre todo cando o monarca mostrou a súa intención de manter unha escrupulosa neutralidade en cuestións políticas.

Unha **parte do exército** non vinculada a progresistas nin a unionistas mostrou a súa resistencia para expresar fidelidade ao novo monarca, o que foi especialmente grave cando se desencadeou o conflito carlista ou se iniciou a guerra en Cuba.

Non obtivo o favor popular, por causa quizáis do arraigamento do **republicanismo**, contrario á monarquía de calquera signo.

→ Unha vez establecido o sufraxio universal (masculino) e as liberdades políticas, o novo monarca pretendeu consolidar un réxime plenamente democrático.

→ Os dous anos do reinado de Amadeo de Savoia víronse marcados por **constantes dificultades**:

- ✓ Os problemas económicos do Estado seguían sendo perentorios e houbo de recorrer á emisión de débeda pública.
- ✓ Produciuse unha loita permanente entre os grupos políticos, así como a revitalización do **conflito carlista**, da **guerra en Cuba** e das **insurreccións republicanas**.

3.3. Unha permanente inestabilidade

→ Amadeo I contou desde o principio coa **oposición dos moderados (alfonsinos)**:

Consideraban ilexítima á nova dinastía.

Continuaban fieis aos Borbóns.

Conscientes da impopularidade de Isabel II, **empezaron a organizar a restauración borbónica na persoa do príncipe Alfonso**, fillo da raíña.

Cánovas del Castillo:

Principal dirixente deste grupo.

Foi captando a moitos disidentes unionistas e progresistas, e convenceunos de que a monarquía borbónica era a garantía de orde e estabilidade fronte ao excesivo liberalismo da monarquía de Amadeo I. Esta opción contou cos **apoios de**:

- ✓ A **Igrexa**, contraria á nova situación, sobre todo despois do decreto de Prim que obrigaba ao clero a xurar a Constitución de 1869.
- ✓ A **elite do diñeiro**, oposta a un réxime que lexislaba en contra dos seus intereses: abolición da escravitude en Cuba, regulación do traballo infantil, etc.

→ Os **carlistas**:

Beneficiados polo clima de liberdade que introduciu a “Gloriosa”.

Organizáronse como forza política.

- ✓ A chegada de Amadeo de Savoia deu argumentos a **un sector do carlismo** para volver tentar métodos de **insurrección armada**. En 1872, unha vez desaparecida Isabel II, subleváronse animados polas posibles **expectativas de sentar no trono ao seu candidato, Carlos VII**. A rebelión **iniciouse no País Vasco e estendeuse a Navarra e a zonas de Cataluña**. Aínda que non constituíu un verdadeiro perigo, converteuse nun foco permanente de problemas e inestabilidade.

- ✓ Mentres, **outra facción do carlismo** foise consolidando como unha **forza política de orientación ultracatólica e oposta á nova monarquía**.

→ Amadeo tampouco contaba co respaldo dos **sectores republicanos** nin dos **grupos populares** que lles daban apoio:

Aspiraban a un cambio de sistema social.

No ano **1872** producíronse novas **insurreccións de carácter federalista**, nas que se combinaba a acción dos republicanos **coa influencia das ideas** internacionalistas, especialmente de carácter **anarquista**, que, aínda que foron rapidamente reprimidas, fixeron aumentar aínda máis a inestabilidade do réxime.

→ En **1868 iniciouse**, co chamado “berro de Yara”, un conflito **na illa de Cuba**:

Coñecido como “**Guerra dos Dez Anos**”.

Era un dos últimos territorios coloniais españois.

A insurrección, **dirixida por algúns propietarios criollos** (brancos nados na illa) contou rapidamente **co apoio popular ao prometer o fin da escravitude na illa**.

O goberno da metrópole impulsou o proxecto de acabar coa escravitude e mostrouse partidario de conceder reformas políticas á illa.

A negativa dos sectores económicos españois con intereses en Cuba frustrou a posibilidade dunha solución pacífica ao conflito e converteu a guerra nun grave problema.

→ **A crise final do reinado de Amadeo de Savoia foi resultado da desintegración da coalición gobernamental (unionistas, progresistas e demócratas):**

- ✓ En dous anos formáronse **seis gobernos** e houbo que convocar **eleccións tres veces**.
- ✓ A **oposición**, a partir de 1872, practicaba un total **abstencionismo** como forma de presión política.
- ✓ Privado de todo apoio, **o 11 de febreiro de 1873, Amadeo de Savoia presentou a súa renuncia ao trono e abandonou España** deixando unha impresión de país ingobernable e contrario a unha monarquía democrática.

23. A PRIMEIRA REPÚBLICA ESPAÑOLA (PROXECTO DE CONSTITUCIÓN FEDERAL E CANTONALISMO)

ESQUEMA-RESUMO:

T 23. A primeira república (proxecto de Constitución federal e cantonalismo).

4.1.- Unha experiencia efémera e convulsa, que fracasou pola confluencia de múltiples factores adversos:

- O contexto: indiferenza e **illamento internacional** (só recoñecida por EEUU e Suíza) + receo dos Gobernos conservadores europeos, que asociaban República e revolución social.
- **Carencia de apoio das masas populares** ante a frustración das súas esperanzas e a insatisfacción das súas reivindicacións.
- Graves **conflitos internos e externos (3 guerras civís)**: a guerra de Cuba, a guerra carlista e o movemento cantonalista.
- A **escisión interna dos republicanos**, gravemente enfrontados entre si: **unitarios** (Castelar) - federais **gradualistas** (Pi i Margall) - federais **intransixentes** (José María Orense).

4.2.- Evolución da Primeira República.

A.- Primeiro Goberno republicano: Estanislao Figueras (de 11 febreiro 1873 a 11 xuño 1873).

- Proclamación da república: do entusiasmo popular á frustración > tensións e inestabilidade.
- Eleccións de maio: triunfo dos republicanos federais nun clima de retraemento e abstención > proclamación da República federal.

B.- Segundo Goberno republicano: a república federal de **Francisco Pi i Margall** (de 11 xuño 1873 a 18 xullo 1873).

- **O proxecto de Constitución Federal (17 xul 1873):**

- España: unha **república federal** formada por **17 Estados** federados.
- Nova organización dos poderes: lexislativo (Asemblea Nacional), executivo (Goberno), xudicial, e de relación entre eles (Pres. Rep.).
- Afirmaba por vez primeira o **Estado laico**: sancionaba a separación da Igrexa e o Estado.
- **Soberanía popular**, exercida en 3 niveis polos organismos políticos da República: **municipio** (gran autonomía), **Estado rexional** e **Estado federal** ou nación.
- Recollía unha **declaración de dereitos moi semellante á de 1869**: liberdade de expresión, de reunión e asociación...

➤ **Gravísima situación interna e externa:**

